



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

**GRUPO PROVINCIAL**

**G-32014003**

**xosebaltar@bng.gal**

Bernardo Varela López, portavoz do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presenta a seguinte moción: **control público dos recursos hídricos e eólicos de Galiza.**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As empresas eléctricas, Iberdrola e Naturgy, buscando maximizar os seus beneficios e producir enerxía máis barata coa hidráulica, nun momento de carestía procederon a baleirado de encoros con especial incidencia nos encoros de Cerza, As Portas, Salas, e Belesar de Ourense e Lugo e causando unha seria alarma nos de Muiños e Viana, producindo graves consecuencias en polo menos 18 Concellos desta provincia.

E mentres as eléctricas se lucran dos nosos recursos naturais para producir unha enerxía barata, o prezo da enerxía non deixou de subir. No pouco que vai de setembro (estamos a falar do día 12) marcáronse rexistros nunca vistos até o de agora uns tras outros, vindo xa dun agosto onde se produciran ate oitos máximos históricos consecutivos.

O irresponsábel baleirado destes encoros sen respectar nin o caudal ecolóxico establecido, ante a inacción das administracións, vulnera dun xeito claro a directiva europea da auga e ten un impacto certo sobre a flora e a fauna, pendentes de avaliar en profundidade. Así como consecuencias indirectas como as que sinalaba o xornal de La Voz de Galicia o 9 de setembro: “ O baleirado dos encoros obrigou aos hidroavións que atendían o lume de Ribas de Sil a alonxarse máis para coller auga”, o que afectou á cadencia de descargas, factor determinante na extinción de lumes, polo maior desprazamento.

E mentres as empresas eléctricas continúan beneficiándose dos recursos naturais de Galiza cun comportamento só cualificábel como usura ou enriquecemento ilícito, pola turbinación de auga e a aplicación dunha estafa diaria que a cidadanía está padecendo nos últimos meses, desda Xunta de Galiza e o goberno do Estado responderon con inacción e permitindo este atentado ecolóxico. Para logo tirarse os trastos á cabeza

entrambos, como si a cousa non fora con eles supoñemos que alegrándolle o día ó SR. Ignacio Sánchez Galán, Presidente de Iberdrola e compañía. A isto sumase a hipocresía da Xunta, que coñecedora de que esta compañía tiña previsto baleirar os encoros mantívose na inacción, permitindo que esta e outras eléctricas danasen o noso medio natural, e modificando no ano 2020 pola calada, a lei vinculada ás penalización do sector eléctrico na xestión dos ríos galegos co fin de rebaixar o importe das sancións nun 90%. Certamente para isto si estivo agudo o Sr. Feijoo e tampouco e que o Sr. Sanchez fixera moito mais.

Para atallar o problema que lle supón os galegos ter a máis que dubidosa honra de habitar o territorio que paga a factura máis cara do Estado, sendo un dos principais produtores de enerxía, presentaba o grupo provincial do BNG de Ourense no mes de xuño unha moción na que demandaba a necesidade urxente de establecer unha tarifa eléctrica galega, similar ás que hai noutros territorios do Estado español como o caso de País Vasco e Extremadura. Unha tarifa axustada a realidade dun territorio produtor de enerxía, como tamén demanda actualmente o presidente de Castela e León, do Partido Popular ou mesmo polo presidente de Aragón do PSOE. Xunto a está medida resulta tamén imprescindible regular o prezo eléctrico en función da tecnoloxía que a produza .

A estas medidas, que non foron apoiadas no pleno de Xuño desta corporación nin polo PP nin polo PSOE, engádese tamén a que ten máis relevancia neste contexto para evitar o desastre do baleirado descontrolado dos encoros deste verán en Galiza e nomeadamente nesta provincia. A creación dunha empresa pública galega de enerxía que planifique, impulse e participe nos diferentes sectores enerxéticos, nos recursos e nas infraestruturas e servizos. Unha empresa imprescindible e xa non só estratéxica desde o punto de vista económico, enerxético, senón tamén medioambiental a vista dos feitos.

Dita empresa constituiríase inicialmente cos activos das centrais hidráulicas con concesión vencida. Nestes momentos, non hai ningún motivo para esas centrais sigan sendo xestionadas por mans privadas, algunhas desde hai máis dun século, forzando ademais ao limite a lei de Augas. E tamén por suposto cos Parques Eólicos, que dentro dun estricto ordenamento medioambiental de protección da paisaxe e o patrimonio cultural, se permitan instalar, sempre cun porcentaxe público mínimo do vinte por cento, cuestión que xa acontece en Estados da Unión Europea como Dinamarca o cal amosa a súa viabilidade legal.

A día de hoxe, no ámbito de competencia de Augas de Galiza existen uns 130 MW cunha produción anual de máis de 320 GWh en concesións adjudicadas a finais do século XIX e no primeiro terzo do XX, e máis de 1.255 MW, cunha produción de 2.313 GWh, cunha media duns 130 anos de concesión, situadas en Galiza aínda que competencia doutras Confederacións Hidrográficas que deben ser transferidas ao noso País. Para que logo o Sr. Feijoo non ande chorando polos xornais que é incompetente (dixoo él), o cal por certo leva forzando durante anos, o rexitar a existencia de ditas

competencias teimudamente a pesares das peticións do BNG para que requerira ao Estado a súa transferencia.

Galiza xera o 25% da produción hidráulica do Estado e Ourense concentra 25 dos 45 grandes encoros de gran hidráulica que hai en Galiza, un claro exemplo de como a expansión enerxética sen unha planificación acordo coas necesidades da poboación e cos interese de galegos e galegas levou a desertizar unha parte importante do país e non serviu para fixar poboación. E isto non pode voltar a acontecer (como de feito xa está a pasar) cos Muiños de Vento, cúa instalación debería respetar ante todo os intereses do Pobo Galego, desdos puntos de vista medioambientais, sociais e económicos. Poñendo estes por diante en todo momento, das expectativas unicamente productivistas das grandes empresas enerxéticas.

## ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galiza a asumir as máximas competencias en materia de enerxía que lle outorga o Estatuto de Autonomía do 81.
2. Instar da Xunta a creación dunha empresa pública galega de enerxía que planifique, impulse e participe nos diferentes sectores enerxéticos, nos recursos e nas infraestruturas e servizos. E que teña por único obxectivo preservar os intereses económicos, sociais e medioambientais da sociedade galega.
3. Demandar que todos os saltos que caduquen tanto no ámbito de Augas de Galiza como das bacías galegas que dependen de Madrid, como é o caso da Miño-Sil, sexan retornados para o público.
4. Esixir a xestión galega dos nosos cauces fluviais. Instando á Xunta a que demande as debidas competencias para que Galiza xestione directamente os seus rios e bacías. Co fin último de evitar que as empresas eléctricas comprometan os intereses ambientais do País e exploten os nosos recursos naturais de costas os intereses dos galegos e galegas.
5. Instar ao Parlamento de Galiza a creación dunha comisión de investigación que analice as consecuencias e responsabilidades do baleirado de encoros, ben sexan autonómicas, estatais ou das empresas enerxéticas. Impulsando as medidas de compensación axeitadas.

Ourense, 10 de setembro de 2021

Asdo: Bernardo Varela López  
Voceiro do grupo provincial do BNG

**A Sr. Presidente da Deputación Provincial de Ourense**